



## **Consideracións xerais da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua Galega (CTNL) sobre a planificación lingüística, a acción normalizadora e as «Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia»**

Ante a aprobación por parte do goberno galego das «Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia», coas que se pretende aprobar un novo texto que derroque o Decreto 124/2007 polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, e ante o debate que se está a producir e o clima de tensión que o goberno galego creou coas súas declaracións, anuncios e medidas en política lingüística desde marzo de 2009, desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), entidade que agrupa os/as encargados técnicos/as da promoción lingüística:

- Manifestamos o noso apoio á fundamentada, argumentada, clarificadora e rigorosa análise realizada pola Real Academia Galega (RAG) a respecto das bases aprobadas e presentadas pola Xunta, así como tamén a outros dous documentos previos, como son a «Proposta institucional sobre a lingua galega ao Parlamento de Galicia», do Consello da Cultura Galega (novembro de 2009) e «Unha lingua para todos», da Real Academia Galega (maio de 2009).
  
- Trasladámoslles ao presidente da Xunta, ao conselleiro de Educación e ao secretario xeral de Política Lingüística e facemos públicas as seguintes consideracións sobre a planificación lingüística, a acción normalizadora e as «Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia»:

## **1. Debido á situación sociolingüística do noso país, no ensino é necesario que haxa un decreto que teña obxectivos normalizadores, algo que non acontece neste borrador**

As bases aprobadas e presentadas polo goberno da Xunta non teñen unha finalidade normalizadora. De feito, como exemplo gráfico, en todo o texto non se fai nin unha soa referencia a «normalización lingüística» (as únicas veces que aparece o termo «normalización» é para retiralo, significativamente, do nome dos até agora «equipos de normalización e dinamización lingüística» ou para facer referencia á Lei de normalización lingüística e ao Plan xeral de normalización da lingua galega) e insístese en que o número de horas de docencia en galego e castelán sexa equilibrado, cando socialmente a situación das dúas linguas oficiais non é equilibrada e o ensino ten que ter un papel compensatorio.

Por tanto, o decreto que regula o uso das linguas no ensino, para procurar a igualdade e o equilibrio entre os idiomas oficiais, non os pode tratar do mesmo xeito e non pode fixar que haxa o mesmo número de horas de docencia en galego e en castelán, pois iso significa a consolidación da desigualdade.

Así, cómpre un decreto no que a promoción do galego se estableza, entre outras medidas, cunha fixación dun mínimo do 50% da docencia en galego, como sinala o Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG).

## **2. Lonxe de procurar novos ámbitos de uso, as bases para o decreto obrigan ao abandono do galego en determinados espazos**

Fixar un mínimo de materias e/ou horas de ensino en galego é totalmente lexítimo e necesario para procurar, por un lado, compensar a situación social de desigualdade da lingua e, por outro, procurar mellorar a deficiente adquisición de competencia lingüística en galego; mais fixar un mínimo de materias para impartir en castelán, ademais de non estar motivado, significa obrigar a profesores e a profesoras que, en moitas ocasións con indubidábeis esforzos e valentía, foron quen incorporaron o galego no ensino, a que, sen ningún motivo nin pedagóxico nin lingüístico, teñan que

abandonar o uso do galego e retiralo das súas clases, materiais, libros, exercicios e exames. Isto, claramente contrario á promoción do galego, é un moi grave retroceso no proceso de normalización lingüística, pois, moi ao contrario de procurar novos ámbitos de uso, obrígase ao seu abandono neses espazos.

### **3. Non hai ningún motivo para que o galego deixe de ser a lingua da administración educativa, o que supón un grave paso atrás**

Outro grave retroceso sen motivación expresada é que, lonxe de procurar o incremento do uso e prestixio da lingua galega, esta, segundo as bases, deixará de ser a lingua da administración educativa e, polo tanto, da documentación do ensino (comunicacións, avisos, anuncios, actas, programacións, documentos didácticos, cartelaría, etc.), o que carece de toda lóxica, sobre todo cando xa era algo regulado, consolidado e asumido por todas e por todos que non ten sentido deixar agora ao criterio individual de cada traballador ou traballadora da administración, sen ningunha condición fixada por esta.

### **4. Darlles a nais e pais responsabilidades de elección da lingua no ensino contribuirá a un moi negativo arraigamento do clima de confrontación no seo da sociedade**

Desde a CTNL consideramos que o clima social de división e constante confrontación por causa do idioma non é nada positivo para o proceso de normalización da lingua galega, e facer que ano tras ano nais e pais teñan que posicionarse explicitamente sobre a lingua vehicular de parte do ensino, entre moitos outros inconvenientes, provocará innecesarias tensións en anpas, consellos escolares, departamentos, entre nais e pais, profesorado, etc., pois significa levar a tensión a toda a comunidade escolar de todos os centros de ensino e, polo tanto, arraigar e consolidar esa prexudicial tensión no seo da sociedade.

### **5. Un dos obxectivos do ensino ten que ser que os nenos e as nenas acaden o mesmo nivel en galego e castelán, e tecnicamente xa se demostrou que con menos da metade de materias en galego ese obxectivo non se cumpre**

Segundo a Lei de normalización lingüística, ao final do ensino obrigatorio os nenos e as nenas deben acadar a mesma competencia efectiva oral e escrita en galego e castelán, e esa debe ser unha das finalidades do decreto que regula o uso das linguas no ensino que, insistimos, debe ter unha finalidade normalizadora. Diversos informes técnicos xa demostraron que coa situación establecida polo Decreto 247/1995 (o anterior ao que agora se vai derrogar), no que se establecía un «mínimo» dun terzo da docencia en galego, ese obxectivo non se cumpría, debido a que maioritariamente a competencia acadada en galego por parte do alumnado é claramente inferior á acadada en castelán, polo que, para conseguir esa igual competencia, había que subir os «mínimos» de docencia na lingua propia da comunidade. Por esa razón «técnica» o PXNLG estableceu que en Primaria, Secundaria e Bacharelato, o alumnado reciba «como mínimo» o 50% da súa docencia en galego, o que se concretou posteriormente no Decreto 124/2007.

Polo tanto, tecnicamente non ten ningún sentido, nin lingüístico nin pedagóxico, fixar agora non un «mínimo», senón a medio prazo un «máximo» dun terzo do ensino en galego e querer equilibrar o número de horas de ensino en galego e castelán, cando os niveis de adquisición de competencia non presentan problemas en castelán e si os presentan en galego.

## **6. Cos actuais certificados de coñecemento da lingua galega (Celga) e coa retirada do establecemento dunha proba en galego no acceso á función pública, reducir o número de horas do ensino en galego significa que non haberá garantías de que os/as traballadores/as da administración teñan suficiente competencia para desenvolver o seu traballo público na lingua propia de Galiza**

Reducir o «mínimo» do 50% do ensino en galego acordado no PXNLG significa que haberá máis dificultades para acadar unha competencia óptima en lingua galega. Se até agora, aínda habendo claras deficiencias para acadar esa competencia, xa a todas as persoas que acadan o título de Bacharelato no ensino galego se lles outorga automaticamente, vía validación, o certificado que acredita o máximo nivel xeral de competencia en galego, tanto activa coma pasiva e tanto oral coma escrita, o Celga 4, o lóxico é que isto deixe de se facer, pois non sería xusto nin estaría

fundamentado outorgarlle a mesma certificación de competencia que estaba establecida para unha persoa que no ensino cursase, como «mínimo», o 50% das materias en galego (téndose que expresar nesas materias nesa lingua, tanto oralmente como por escrito), que a unha persoa que «recibise», como «máximo», un terzo das materias en galego (sen sequera se ter que expresar nesa lingua, nin oralmente nin por escrito).

Rebaixar a presenza do galego no ensino e suprimir a necesidade de que o alumnado se teña que expresar na lingua da materia sen modificar os requisitos de outorgamento dos certificados oficiais de lingua galega (Celga), significará que non estea en absoluto garantido que as persoas que accedan a traballar na administración pública teñan unha competencia mínima en galego para desenvolver con normalidade o seu traballo nesa lingua, polo que se estarían vulnerando os dereitos dos cidadáns e das cidadás a seren atendidos/as na lingua propia da comunidade, pois na actualidade, despois da reforma que o actual goberno da Xunta fixo da Lei da función pública en 2009, nos procesos selectivos de acceso á función pública o coñecemento de lingua galega abonda con acreditarlo mediante un deses certificados que, na práctica, non son garantía de moito e que, de aprobarse esa redución do número de horas de ensino en galego, menos o serán.

## **7. Para que as medidas de cara ao incremento do uso e prestixio da lingua galega sexan minimamente eficaces necesítase unha planificación lingüística seria, consenso político e implicación da sociedade**

A normalización lingüística é un proceso social que, ou é asumido pola sociedade, ou non se consegue, e as administracións públicas teñen a obriga e a responsabilidade de apoiar e promover ese proceso e de procurar esa implicación da sociedade.

Desde a CTNL considérase que para poder conseguir esa implicación da sociedade na recuperación social do galego, e para que se poidan aplicar de xeito minimamente efectivo medidas normalizadoras de cara ao incremento do uso e prestixio da lingua, é necesario o consenso político.

Todas as organizacións políticas con representación parlamentaria consensuaron en 2004 o Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), que aprobaron por unanimidade no Parlamento galego, que foi elaborado coa participación de diversas entidades e expertos/as e que recolle os obxectivos consensuados da política lingüística en Galiza e as medidas que cómpre tomar para acadar eses obxectivos.

Entre outras medidas, nese PXNLG sinálase que, para cumprir o obxectivo de que ao final do período escolar os nenos e as nenas acaden a mesma competencia en galego e en castelán, se garantirá que na educación primaria e secundaria o alumnado reciba como mínimo o 50% da súa docencia en galego, e isto foi o que se estableceu, polo tanto, no Decreto 124/2007, que contou, ademais, co apoio dos sindicatos que representan o 90% do profesorado, da federación de ANPA públicas e de todas as organizacións estudantís.

Por isto, desde a CTNL, apelando ao consenso e á necesidade normalizadora no ensino, defendemos a conveniencia de manter o vixente decreto 124/2007, ou de facer sobre el as melloras oportunas, sempre que sexan beneficiosas para o galego, que a elas se chegue de xeito consensuado e unánime entre as diferentes organizacións políticas con representación parlamentaria e que se respecte en todo caso o sinalado no PXNLG.

Por outra banda, así como o decreto 247/1995, logo de máis de dez anos de aplicación, foi avaliado negativamente en relación ao cumprimento dos obxectivos da Lei de normalización lingüística (igualdade de competencias en galego e castelán ao remate do ensino obrigatorio) e iso deu pé á súa rectificación a través do decreto 124/2007, para unha planificación lingüística minimamente seria e rigorosa, a CTNL considera necesario que tanto este decreto que agora se pretende derrogar como os programas experimentais e voluntarios de inmersión en galego postos en marcha nos últimos anos, teñan un período de implantación para poderen ser avaliados e, de ser o caso, mellorados; mais até o momento o período de vixencia foi demasiado reducido como para poder facer deles unha avaliación seria e obxectiva.

Deste xeito se, como en repetidas ocasións se manifestou desde o actual goberno da Xunta, se percibe que houbo certa «sensación de imposición», a solución non

pode estar en derrogar ese decreto baseado no consenso para impoñer outro unilateralmente desde o goberno, senón en transmitir socialmente o consenso político en normalización lingüística e en informar decididamente e cos recursos e medios necesarios a nais e pais, profesorado, alumnado, persoal non docente, etc., explicándolles do xeito máis claro e decidido posíbel os obxectivos normalizadores do sistema educativo e o valor e importancia pedagóxica e social dun mínimo do 50% de ensino en galego.

## **8. Para acadar o necesario consenso e poder desenvolver un traballo eficaz e non conflitivo a prol da lingua galega entre todas e todos, cómpre erradicar do goberno o discurso de «imposición» vs. «liberdade» e outras mensaxes negativas**

Cómpre destacar o feito de que o irresponsábel discurso de «imposición lingüística» vs. «liberdade lingüística» que se vén facendo desde o goberno galego, e que se incrementou e acentuou arredor de todo o referido ao decreto do ensino, ademais de falso, é pernicioso e dificulta obxectivamente o labor de promoción e dinamización que os técnicos e as técnicas de normalización da lingua temos encomendado, nomeadamente desde a administración, mais tamén desde o ámbito empresarial ou asociativo.

Apartar totalmente o pernicioso discurso da «imposición lingüística» do goberno e do partido que ostenta ese goberno; deixar de lanzar mensaxes negativas arredor do galego, dos/as que o defendemos e dos/as que traballamos na súa promoción; defender de xeito claro e decidido os obxectivos do PXNLG e aplicar as súas medidas teñen que ser os primeiros e imprescindíbeis pasos para procurar un necesario consenso en política lingüística e para que, desde os niveis técnicos, se poida traballar de xeito eficiente e non conflitivo na procura do xusto e necesario incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade.